

Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria 2023-2027



Edita: Xunta de Galicia
Dirección Xeral de Planificación e
Reforma Sanitaria (coordinación).
Consellería de Sanidade.

Dirección Xeral de Saúde Pública.
Subdirección Xeral de Programas
de Fomento de Estilos de Vida
Saudables. Consellería de Sanidade.

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
Subdirección Xeral de Atención
Primaria. Servizo Galego de Saúde.

Lugar: Santiago de Compostela, 2023

Coordinadores

Aboal Viñas , Jorge

Durán Parrondo, Carmen

Fuentes Silva, Sindia

Hurtado Taboada, Rosa M^a

López Linares, Sofía

Mato Guerra, Paula

Muñoz Ibáñez, Carolina

Represas Carrera, Francisco Jesús

Rodríguez Domínguez, Óscar

Participantes

Grupo consultor

Aldecoa Landesa, Susana

Carreiro Alonso, Miguel

Civeira Pérez, Verónica

Pereira Pía, María Mercedes

Rey Lambas, Uxía

Rosón Calvo, Benigno

Fernández-Campa García-Bernardo,
Antonio

Lago Bouza, Jose Ramón

Lamelas Torrijos, María

López López, Ana Luisa

López Pérez, María Jesús

Maceira Castiñeira, Matilde

Martínez Bécares, Esther

Martínez Blanco, Nuria

Martínez Fente, Javier

Grupo colaborador

Álvarez Fraga, Asunción

Álvarez Pena, José Manuel

Armenteros do Olmo, Lorenzo

Blanco Iglesias, Orlando

Caamaño Isorna, Catalina

Calvo Pérez, José Antonio

Carrasco Gómez, Marta

Carrizo Álvarez, Diego

Castro Bernardino, Héctor

Castro Villaverde, María Teresa

Clavería Fontán, Ana

Crespo Fontán, Beatriz

do Río Garma, Mercedes

Dosil Bermúdez, Antía

Fernández Veiga, Yolanda

Filgueira Belo, Raquel

Hernández Gómez, Mercedes Adelaida

Martínez Lorente, Ana María

Meijome Blanco, Soraya

Perdiz Álvarez, Celsa

Prada González, Iván

Reboredo García, Silvia María

Redondo Zambrano, Isabel

Regueiro Martínez, Antonio

Rey Grandal, María

Rodríguez Sánchez, Nadia

Rodríguez Seoane, Alberto

Vermello Amigo, Vanesa

Turnes Paredes, Ana

Urones Costa, Paula

Villar Moreira, Olga María

Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria 2023-2027

CONTIDO

PRÓLOGO	7
ABREVIATURAS	9
MARCO CONCEPTUAL	10
MARCO NORMATIVO E ESTRATÉXICO	13
A NIVEL ESTATAL	13
A NIVEL AUTONÓMICO	15
ANÁLISE DE SITUACIÓN	20
CARTEIRA DE SERVIZOS E ACTIVIDADE	20
VISIÓN DOS AXENTES CLAVE	22
OBXECTIVOS	23
DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO	24
Liña estratéxica A	25
REFORZAR A ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DA SAÚDE COMUNITARIA	25
Liña estratéxica B	26
FACILITAR FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A ATENCIÓN COMUNITARIA	26
Liña estratéxica C	28
DESENVOLVER OS TRES NIVEIS DE ORIENTACIÓN COMUNITARIA	28
Liña estratéxica D	30
IMPULSAR A INNOVACIÓN E O COÑECEMENTO EN SAÚDE COMUNITARIA	30
IMPLEMENTACIÓN	31
TEMPORALIZACIÓN	32
COMPETENCIA	33
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	34
SEGUIMIENTO DA ESTRATEXIA	34
AVALIACIÓN DA ESTRATEXIA	34
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	36
ANEXOS	38
Anexo I. GRAO DE CONSENSO DOS AXENTES CLAVE COAS LIÑAS DE TRABAJO PROPOSTAS	39
Anexo II. INDICADORES CLAVE DE AVALIACIÓN	41

PRÓLOGO

A orientación comunitaria da atención primaria (AP) comporta un cambio de paradigma que supón a evolución dunha atención sanitaria centrada na enfermidade a unha atención centrada nas persoas e no seu contexto social.

É ben coñecido que moitos dos problemas de saúde que afectan a poboación teñen a súa orixe nos determinantes sociais, fronte aos cales o máis efectivo é unha abordaxe intersectorial e multidisciplinar a través de intervencións comunitarias que, como está demostrado, teñen un alto impacto sanitario e social.

A saúde comunitaria é unha liña de traballo prioritaria da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, como xa se reflectiu no *Plan galego de atención primaria 2019-2021*, no que se recollía o obxectivo de “implantar a acción comunitaria como unha actividade normalizada nos centros de saúde”.

Asemade, no documento estratéxico *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*, froito da escoita, o traballo, o debate e a validación dun grupo de expertos, púxose de manifesto a necesidade de reforzar o actual modelo de saúde comunitaria desenvolto na atención primaria a través dos *Plans locais de saúde*.

Uns plans locais que son instrumentos de xestión estratéxica adaptados ás necesidades e características de cada territorio, e que permitirán adaptar o modelo de saúde comunitaria proposto nesta estratexia a cada servizo de atención primaria de maneira individualizada.

Profesionais de diferentes centros de saúde levan anos desenvolvendo proxectos e iniciativas de promoción da saúde en colaboración con outros axentes locais (actividades relacionadas coas patoloxías crónicas, a actividade física, as adiccións, a saúde sexual, a saúde mental, etc.). Con todo, para facilitar o seu labor no deseño, aplicación e avaliación destas intervencións, é necesario reforzar o apoio da Administración sanitaria galega a todo este traballo para conseguir impulsalo e estendelo por toda a atención primaria de Galicia.


Un apoio que se referenda nesta *Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria 2023-2027*, a cal representa o máis alto compromiso para o fortalecemento da saúde comunitaria na nosa Comunidade Autónoma a través da definición dunha folla de roteiro con 4 liñas estratéxicas e 13 obxectivos que acadar a través de 35 accións.

O seu desenvolvemento pretende tanto facilitarlles o deseño e a implementación de intervencións comunitarias aos e ás profesionais dos servizos de atención primaria que se inicien neste ámbito, como impulsar e no seu caso complementar as actividades comunitarias que xa se viñan realizando dende hai tempo co obxectivo de reforzar a orientación comunitaria da atención primaria para influír positivamente no estilo de vida e nos determinantes sociais.

8


Remato, agradecéndolles todo o esforzo e o traballo aos e ás profesionais implicados na elaboración desta estratexia e a todas as persoas que farán posible a súa implantación, co obxectivo final, como non pode ser doutra forma, de mellorar a saúde da poboación galega.

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ABREVIATURAS

ACIS	Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde
AP	Atención primaria
CC.AA.	Comunidades autónomas
EPSP	Estratexia de promoción da saúde e prevención
DXAS	Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria
DXPRS	Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria
DXSP	Dirección Xeral de Saúde Pública
HCE	Historia clínica electrónica
SNS	Sistema Nacional de Saúde
REGAPS	Rede galega de promoción da saúde



MARCO CONCEPTUAL

A atención comunitaria, tal e como se recolle na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde (SNS), defínese como o conxunto de actuacións con participación da comunidade, orientadas á detección e priorización das súas necesidades e problemas de saúde, identificando os recursos comunitarios dispoñibles, priorizando as intervencións e elaborando programas orientados a mellorar a saúde da comunidade, en coordinación con outros dispositivos sociais e educativos [1, 2].

É no ámbito da atención primaria onde a promoción da saúde ten maior capacidade para influír sobre a comunidade, permitindo ao individuo e á sociedade en xeral incrementar o control sobre a súa saúde para mellorar resultados [2].

A orientación comunitaria dos servizos sanitarios expón a corresponsabilidade pola saúde da comunidade, en contraposición á orientación que só dá resposta ás demandas do paciente e o tratamento dos síntomas e/ou enfermidades [2].

Podemos traballar a orientación comunitaria no ámbito de atención primaria en tres niveis [3]:




As estratexias de saúde comunitaria desenvolveranse nestes tres niveis, garantindo un enfoque a todos os determinantes da saúde, incluíndo os factores sociais, e baseándose nos principios de corresponsabilidade, avaliación, participación e equidade [4].

Deste xeito, a incorporación desta visión de orientación comunitaria aos servizos de atención primaria supón un cambio no tradicional modelo asistencial (biomédico), que deixa de estar centrado na enfermidade para poñer o foco na saúde poboacional e na súa promoción, a través do reforzo da función comunitaria que se sustenta no desenvolvemento de diferentes iniciativas e accións para promover un adecuado estado de saúde do conxunto da poboación (modelo biopsicosocial) [5].

Por iso, a orientación comunitaria debe formar parte intrínseca da atención primaria de saúde. O sistema debe incorporar a intervención e orientación comunitaria onde non houbese, e sistematizala ou optimizala naqueles servizos onde xa se estean levando a cabo este tipo de accións [6].

A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia pretende con esta Estratexia galega de saúde comunitaria impulsar, fortalecer e consolidar a orientación comunitaria da atención primaria do Servizo Galego de Saúde. Todo iso co obxectivo de normalizar e homoxeneizar o seu desenvolvemento dentro do funcionamento rutineiro do sistema sanitario, seguindo as liñas de traballo comúns acordadas para o conxunto do Sistema Nacional de Saúde.



MARCO NORMATIVO E ESTRATÉGICO

MARCO NORMATIVO E ESTRATÉGICO

A NIVEL ESTATAL

A reforma sanitaria do Sistema Nacional de Saúde, que se realizou entre 1983 e 1990, incluíu a creación dos equipos de atención primaria e a construción e posta en funcionamento dunha extensa rede de centros de saúde. Este feito impulsou en poucos anos a atención primaria e posibilitou o desenvolvemento dos programas de promoción da saúde e prevención das enfermidades, xunto co inicio dos programas comunitarios liderados desde o primeiro nivel de atención.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade [7] indica que as actuacións das administracións públicas sanitarias estarán orientadas á promoción da saúde e que os servizos públicos sanitarios se organizarán de maneira que sexa posible articular a participación comunitaria. A lei prevé que se adoptarán de maneira sistemática accións para a educación sanitaria como elemento primordial para a mellora da saúde individual e comunitaria, promovendo a participación comunitaria no ámbito da área sanitaria.

A Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde [8] fai referencia á prestación da atención primaria, sinalando que comprenderá, entre outras, as actividades en materia de prevención, promoción da saúde, atención familiar e atención comunitaria.

O *Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde* [9] e o procedemento para a súa actualización, onde se recollen, dentro da carteira de servizos comúns de atención primaria, as actividades en materia de prevención, promoción da saúde, atención familiar e atención comunitaria.

A *Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública* [10] sinala no seu preámbulo que a atención primaria debe asumir un papel máis relevante na acción preventiva e na saúde comunitaria. Para iso, é necesario reforzar a colaboración entre os servizos asistenciais e os de saúde pública no desenvolvemento das accións de promoción de saúde no ámbito familiar e comunitario. Tamén reflicte que os órganos que forman as áreas sanitarias terán en conta as accións dirixidas á mellora da atención comunitaria, a prevención da enfermidade, a protección e a promoción da saúde.

No marco da *Estratexia de promoción da saúde e prevención no SNS (EPSP)* [11], elaborada coa participación das Comunidades Autónomas (CC.AA.) e sociedades científicas, abórdase a saúde comunitaria desde a contorna local, sanitaria e educativa.

Na cortona local, a adhesión das entidades locais (municipios, deputacións...) á implementación da EPSP realizarase en coordinación coa Federación Española de Municipios e Provincias. Isto implica un traballo intersectorial para a identificación, coordinación e difusión dos recursos e activos comunitarios que melloren a saúde e a calidade de vida, vinculados directamente co nivel 3 de orientación comunitaria.

Na contorna sanitaria, traballando cos/coas profesionais para incorporar o consello integral en estilos de vida en AP vinculado a recursos comunitarios, e para reforzar a educación para a saúde individual e grupal cunha abordaxe biopsicosocial. Todo isto formaríase parte do nivel 1 e 2 de orientación comunitaria.

Por outra banda, na cortona educativa, mediante a educación para a saúde (nivel 2) e a través do impulso ás escolas promotoras en saúde (nivel 3).

O *Marco estratéxico para a atención primaria e comunitaria* [12] elaborado polo Ministerio de Sanidade no ano 2019, tamén recolle nunha das súas liñas estratéxicas o reforzo da orientación comunitaria, a promoción da saúde e prevención da enfermidade na atención primaria. Así mesmo, a saúde comunitaria abórdase de maneira transversal en todo o Marco estratéxico, apostando pola participación activa da cidadanía xunto á coordinación e articulación operativa da atención primaria co ámbito social, educativo, os activos comunitarios para a saúde, as administracións locais e o nivel hospitalario.

Para operativizar este marco estratéxico definiuse o *Plan de acción de atención primaria 2022-23* [13] no que se inclúen varias iniciativas para desenvolver a orientación comunitaria, a promoción da saúde e prevención na atención primaria. Unha destas iniciativas é o desenvolvemento dunha

estratexia autonómica de saúde comunitaria que proporcione un marco de traballo común adaptable á realidade de cada territorio e no que participen todos os axentes implicados.

As outras accións incluídas son:

- A formación en abordaxe biopsicosocial e acción comunitaria.
- A xeración e facilitación de estruturas e/ou mecanismos de coordinación para traballar en saúde comunitaria.
- A inclusión de ligazóns a ferramentas de recomendación de activos para a saúde e recursos comunitarios na historia de saúde dixital.
- A definición dos condicionantes sociais e do contexto familiar das persoas que sería recomendable incluír na historia de saúde dixital.

Doutra banda, sinalar que no contexto do Marco estratéxico para a atención primaria e comunitaria, así como no Plan de acción de atención primaria 2022-2023, o grupo de traballo estatal de saúde comunitaria elaborou e publicou en agosto de 2022 un documento metodolóxico coas *Recomendacións para o deseño de estratexias de saúde comunitaria en atención primaria a nivel autonómico* [14]. Este documento pretende ser un marco común que facilite a elaboración e o desenvolvemento das estratexias de saúde comunitaria para a atención primaria das diferentes CC.AA.

Para rematar, cobra tamén especial relevancia no ámbito da saúde comunitaria o *Documento de consenso sobre prevención da fragilidade na persoa maior* [15, 16], elaborado polo Ministerio de Sanidade e que foi actualizado no ano 2022. O devandito documento pon o foco na abordaxe da fragilidade e a necesidade de realizar diagnóstico precoz e intervención sobre esta desde o sistema sanitario, en especial, desde a atención primaria como parte dunha estratexia de promoción da saúde e prevención.

A NIVEL AUTONÓMICO

No ámbito galego, o marco legislativo de referencia é a *Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia* [17], que recolle os principios reitores do sistema público de saúde de Galicia. Dentro deles podemos sinalar varios que teñen relación coa saúde comunitaria:

- A orientación cara á cidadanía e a participación social e comunitaria na formulación de políticas sanitarias, así como do control das súas actuacións.
- A concepción integral da saúde, que inclúe a promoción da saúde, a protección fronte a situacións e circunstancias que supoñen risco para a saúde, en particular, a protección

fronte aos riscos ambientais, a prevención da enfermidade e a asistencia sanitaria, así como a rehabilitación e integración social, desde a perspectiva da asistencia sanitaria.

- A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes.
- A cooperación intersectorial como elemento de cohesión das políticas de todos os sectores con responsabilidades sobre a saúde.
- A coordinación dos recursos sanitarios, sociosanitarios e de saúde laboral.


Nesta lei tamén se fai referencia aos *Plans locais de saúde*, os cales son elaborados por parte do equipo de dirección de cada servizo de atención primaria para definir, entre outras cuestións, as prioridades na mellora da saúde comunitaria da zona básica de influencia. Estes documentos estratéxicos representan un estímulo positivo desde onde emerxe a acción comunitaria desenvolvida desde os centros de saúde.

Por outro lado, o *Decreto 61/2019, do 23 de maio, que regula a composición e funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde* [18], ten como obxectivo coordinar a actuación entre as consellerías competentes en materia de sanidade e educación para impulsar o desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde.

No ámbito estratéxico, hai que destacar o *Plan galego de atención primaria 2019- 2021* [19] como unha aposta decidida polo servizo sanitario público e polo fortalecemento dunha atención primaria capaz e resolutive. O plan indica que a orientación á comunidade é unha competencia fundamental dos equipos de atención primaria, que permite impulsar as iniciativas de promoción da saúde e prevención.

Co fin de completar o marco estratéxico para a mellora da atención primaria de Galicia, e como documento complementario ao Plan galego de atención primaria, un grupo de expertos independentes elaborou o documento *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* [20], que recolle a visión para o fortalecemento da atención primaria de Galicia nos próximos anos. Un fortalecemento que pasa polo impulso e reforzo da saúde comunitaria que permita progresar cara a un novo modelo asistencial e organizativo sustentado na cuádrupla meta (figura 1).

FIGURA 1. Cuádrupla meta



Un dos resultados deste proceso de definición estratéxica, seguindo a liña de fortalecemento da saúde comunitaria, é a creación da *Comisión sectorial para a potenciación de actividades de promoción e prevención, así como de intervención comunitaria* [21]. No seu marco de actuación defínense os factores de éxito necesarios para integrar de forma sistemática a atención comunitaria na actividade rutineira dos servizos de atención primaria.

Esta comisión sectorial subliña que as intervencións comunitarias en atención primaria poden realizarse tanto dentro como fóra do centro de saúde. Á súa vez, remarcan a necesidade de avanzar cara a unha atención con enfoque poboacional con equipos que promovan a participación activa da comunidade, considerando os factores de risco da saúde desde un enfoque sociodemográfico, conductual e psicosocial en cada contorna de actuación. Tamén resulta necesario ter en conta o papel emerxente da tecnoloxía e a promoción da acción intersectorial e o diálogo entre todos os axentes da comunidade. Por último, recóllese tamén a necesidade de establecer mecanismos de avaliación tanto en cantidade como en calidade e impacto.

Co fin de lograr o alcance dos obxectivos expostos, a Comisión Sectorial para a Potenciación de Actividades de Promoción e Prevención propón unha serie de liñas de actuación:

- Definición dun equipo técnico multidisciplinario que promova, asesore e coordine intervencións de atención primaria na comunidade.
- Creación de grupos multidisciplinares nos servizos de atención primaria, que contengan unha persoa de referencia e se encarguen de executar as actividades comunitarias.

- Enfoque do traballo baseado en activos, entendendo por activo de saúde calquera factor ou recurso que mellore a capacidade dun individuo ou unha comunidade para manter un óptimo estado de saúde e benestar.
- Plan de formación continua e investigación no campo da orientación comunitaria dos servizos de atención primaria, que garanta unha intervención comunitaria de calidade e equitativa para a poboación.
- Creación dun sistema de información de saúde pública que mostre datos, a nivel de servizo de atención primaria ou concello, sobre morbilidade, mortalidade e determinantes modificables e sociais da saúde, coa finalidade de ofrecer información que axude á toma de decisións e á priorización das actividades que se van realizar por parte dos servizos de atención primaria.
- Integración das actividades comunitarias nas axendas rutineiras e obxectivos dos profesionais da atención primaria.
- Determinación dun orzamento específico para a atención comunitaria, que debe ser independente ao doutras actuacións e acorde ao tamaño de poboación asignada ao servizo de atención primaria.

O elemento máis importante co que conta o Servizo Galego de Saúde para canalizar todas as accións que impulsen a orientación comunitaria da atención primaria é a posta en marcha dos *plans locais de saúde* que, recollidos no marco estratéxico e legal da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, pretenden individualizar ao máximo posible as iniciativas sanitarias levadas a cabo ás características concretas de cada territorio e poboación. O obxectivo destes plans é conseguir mellorar a saúde da poboación, mellorar a perspectiva dos pacientes e profesionais, así como tamén a modernización dos procesos, dotando para iso de maior autonomía os centros de saúde para lograr unha resposta dirixida ás necesidades de cada territorio.

Neste sentido, desde a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia elaborouse no ano 2019 o documento *Plans locais de saúde para unha orientación comunitaria en atención primaria. Bases metodolóxicas para a súa elaboración* [22] co obxectivo principal de definir as orientacións xerais para o desenvolvemento, implantación e avaliación dun plan local de saúde.

Actualmente, o Servizo Galego de Saúde conta con 43 servizos de atención primaria con plan local de saúde, os cales viron incrementada a actividade que realizan “fóra das paredes do centro de saúde” de maneira significativa. Estes plans locais de saúde melloran a coordinación intersectorial para o desenvolvemento da acción comunitaria por parte de todo o persoal e permiten que os/as profesionais marquen os seus propios obxectivos específicos para reforzar a orientación comunitaria da súa actividade acompañada dunha asignación e organización de recursos que lles faciliten o seu desenvolvemento.

Para o próximo ano 2024 está previsto dotar dun plan local de saúde ao 40% dos servizos de atención primaria de Galicia, co obxectivo de continuar a súa extensión de forma progresiva e incremental ata alcanzar o 100% a medio-longo prazo.

No ámbito da saúde pública, o plan máis relevante e con influencia directa sobre a orientación en saúde comunitaria da atención primaria é o *Plan de acción para a prevención do sobrepeso e a obesidade en Galicia 2022-2030* (Obesidade Zero en Galicia) [23]. Vinculado a este plan, créase en todo o territorio galego unha *rede galega de promoción da saúde (REGAPS)* [23] que ten entre as súas funcións a prestación dun servizo de apoio á atención primaria para a dinamización e procura de recursos que faciliten o desenvolvemento de intervencións e actividades comunitarias levadas a cabo desde calquera centro de saúde de Galicia (figura 1).




EQUIPO BÁSICO ATENCIÓN PRIMARIA: médico/a ou pediatra, enfermeira/o e persoal administrativo

AP: atención primaria

ESAD: equipo de soporte de atención domiciliaria

Fonte: elaboración propia



ANÁLISE DA SITUACIÓN

ANÁLISE DE SITUACIÓN

CARTEIRA DE SERVIZOS E ACTIVIDADE

Actualmente desde a atención primaria de Galicia levan a cabo **actividades de promoción da saúde e hábitos saudables** por medio de tres vías:

- Educación individual do paciente na consulta.
- Actividades formativas grupais, levadas a cabo nos propios centros de saúde e nas que se aglutina un conxunto de pacientes que comparten unhas mesmas características (patoloxía, condicionantes, etc.).
- Intervencións comunitarias, que pretenden fomentar un estado de saúde óptimo na poboación xeral e que teñen lugar en múltiples e diversos escenarios como centros educativos, asociacións de veciños, etc.

De forma específica, as accións a nivel comunitario están actualmente previstas na carteira de servizos de cada profesional do Servizo Galego de Saúde, concretamente nos/nas profesionais de medicina familiar e comunitaria, pediatría, enfermaría, enfermaría obstétrico-xinecolóxica, traballo social e farmacia [24].

Dentro das actividades asistenciais desenvolvidas polo persoal médico de atención primaria, a atención comunitaria consta como eixo principal no campo da prevención e promoción da saúde. Esta atención engloba o conxunto de accións con participación comunitaria dirixidas a detectar e priorizar as necesidades da poboación e os principais problemas de saúde, identificar os recursos comunitarios dispoñibles, priorizar as intervencións comunitarias segundo o seu grao de impacto na sociedade e desenvolver programas e protocolos destinados a mellorar a saúde da comunidade.

Por outra banda, dentro dos **servizos que prestan as enfermeiras e enfermeiros de familia, comunitaria e pediátrica de atención primaria**, a participación a nivel comunitario atópase enmarcada en dous ámbitos:

- **Promoción da saúde comunitaria:** conxunto de actividades a través das cales se leva a cabo o desenvolvemento, implementación e avaliación de programas de saúde comunitaria dentro das intervencións de prevención e promoción de saúde.
- **Atención á comunidade:** conxunto de intervencións destinadas a traballar coa comunidade para reducir e controlar a incidencia e prevalencia de enfermidades na poboación.

Os **servizos prestados polas matronas de atención primaria** tamén inclúen actividades de promoción da saúde, prevención individual e colectiva, asistencia na recuperación da saúde e educación sanitaria ofertada a grupos específicos de poboación e á comunidade en xeral.

Nos **servizos prestados por traballo social**, a intervención comunitaria adquire un papel principal e defínese un ámbito concreto para o seu desenvolvemento. Estes servizos articúlanse en tres liñas: intervención comunitaria, redes de intervención comunitaria e coordinación/xestión de casos en atención sociosanitaria.

No que respecta aos **servizos prestados polos farmacéuticos/as**, inclúese a participación en programas de educación para a saúde individual e grupal e proxectos de saúde comunitaria, así como programas educativos específicos para mellorar o coñecemento e bo uso dos medicamentos e produtos sanitarios (automedicación responsable, uso eficiente dos recursos sanitarios, etc.) dirixidos á poboación xeral e a grupos de especial risco.

Hai **outros colectivos profesionais** de atención primaria que tamén levan a cabo actividades comunitarias como odontoloxía, hixiene bucodental, fisioterapia ou nutricionistas.

Todos os/as profesionais de atención primaria poden levar a cabo, coa única finalidade de planificar, o rexistro deste tipo de actividades, único para as actividades comunitarias e grupais. Con todo, falta un adecuado rexistro para a fase posterior á realización da actividade onde se poida indicar o tipo de actividade realizada, o obxectivo ou o número de persoas alcanzadas.

Por último, cabe mencionar que actualmente na atención primaria do Servizo Galego de Saúde existen diferentes iniciativas comunitarias consolidadas e cuns excelentes resultados que son levadas á práctica polos equipos profesionais dos centros de saúde. Unhas iniciativas que alcanzaron recoñecementos tanto a nivel nacional como internacional e que tamén serviron como marco de referencia para elaborar a presente estratexia.

VISIÓN DOS AXENTES CLAVE

Para completar a análise da situación recolleuse a visión dun grupo de 46 profesionais (consultores e colaboradores) que representaban distintas categorías de atención primaria das sete áreas sanitarias: medicina familiar e comunitaria, pediatría, enfermería familiar e comunitaria e pediátrica, traballo social, enfermería obstétrico-xinecolóxica e farmacia.

Realizáronse entrevistas individuais aos/as profesionais do grupo consultor para identificar os puntos de mellora e as posibles liñas de traballo para impulsar a orientación comunitaria da atención primaria.

Tendo en conta a información recollida nas entrevistas, elaborouse e facilitóuselle un cuestionario ao grupo colaborador no que se lles preguntaba sobre o seu grao de acordo co nivel de desenvolvemento das distintas liñas de acción comunitaria en atención primaria, así como a idoneidade de posibles liñas de traballo identificadas.


En xeral, existe alto consenso entre as persoas entrevistadas en canto á necesidade de aumentar o grao de desenvolvemento que ten actualmente a saúde comunitaria na atención primaria do Servizo Galego de Saúde, tanto nas estruturas e nos recursos requiridos para o seu impulso coma nos procesos e nas actividades realizadas.

Como resultado das entrevistas e das respostas ao cuestionario, propuxéronse varias liñas alternativas de traballo que tamén obtiveron un alto grao de consenso por parte dos/das profesionais:

- Reforzar a estrutura organizativa da saúde comunitaria en atención primaria.
- Facilitar ferramentas e recursos para a atención comunitaria desde atención primaria.
- Desenvolver os tres niveis de orientación comunitaria da atención primaria.
- Impulsar a innovación e o coñecemento en saúde comunitaria desde atención primaria.

Estas liñas serviron para definir o modelo organizativo proposto nesta estratexia para reforzar a orientación comunitaria da atención primaria.


O nivel de acordo mostrado polos axentes clave, en relación coas liñas de traballo que se van implementar detállase no anexo I.



OBJECTIVOS

A estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria dará resposta aos seguintes obxectivos:





DESENVOLVEMENTO ESTRATÉGICO

DESENVOLVEMENTO ESTRATÉGICO

A Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria desenvolverase ao redor dunha serie de liñas estratéxicas principais que responderán aos obxectivos específicos previamente definidos. Para cada unha delas detallarase un ou varios obxectivos estratéxicos que satisfacer, así como unha serie de accións cuxo cumprimento garante a consecución da estratexia exposta.



REFORZAR A ESTRUTURA ORGANIZATIVA DA SAÚDE COMUNITARIA

Implementar as medidas organizativas necesarias para promover a orientación comunitaria dentro da actividade habitual da atención primaria.

OBXECTIVOS

A.1

Integrar a participación comunitaria nos órganos decisores da atención primaria e comunitaria

- **ACCIÓN A.1. I**
 - Constituír un núcleo coordinador a nivel de servizos centrais para impulsar o desenvolvemento desta estrutura organizativa.
- **ACCIÓN A.1. II**
 - Definir as funcións e responsabilidades do núcleo coordinador central para promover o desenvolvemento da estratexia a todos os niveis.

A.2

Designar nas áreas sanitarias e servizos de atención primaria referentes para a organización e o desenvolvemento de actividades comunitarias

- **ACCIÓN A.2. I**
 - Nomear profesionais de referencia para a atención comunitaria a nivel área sanitaria e servizo de atención primaria.
- **ACCIÓN A.2. II**
 - Articular un modelo de responsabilidades, actuación e coordinación do referente de saúde comunitaria de cada servizo de atención primaria.

A.3

Establecer sinerxías coa rede galega de promoción da saúde para facilitar o desenvolvemento do nivel 3 de acción comunitaria

- **ACCIÓN A.3. I**
 - Articular fórmulas organizativas para garantir e reforzar a comunicación e colaboración bidireccional entre os servizos de atención primaria e a Rede galega de promoción da saúde (Regaps) como unidade de apoio a eles.

B

FACILITAR FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A ATENCIÓN COMUNITARIA

Dotar dos recursos e ferramentas necesarias á atención primaria para o desenvolvemento da Estratexia galega de saúde comunitaria.

OBXECTIVOS

B.1

Favorecer que os/as profesionais dispoñan de recursos para promover as intervencións de atención comunitaria

- **ACCIÓN B.1. I**
 - Crear un banco de contidos dixitais para favorecer a realización de intervencións comunitarias de educación e promoción da saúde por parte dos/das profesionais de atención primaria.

B.2

Impulsar un plan de intensificación formativa en saúde comunitaria

- **ACCIÓN B.2. I**
 - Incluír no Plan de formación continuada do Servizo Galego de Saúde actividades que respondan ás necesidades de formación dos profesionais en materia de saúde comunitaria.
- **ACCIÓN B.2. II**
 - Definir itinerarios formativos en atención comunitaria adaptados ás necesidades formativas dos/das profesionais.
- **ACCIÓN B.2. III**
 - Intensificar as actividades de acción comunitaria nas unidades docentes multiprofesionais do ámbito da atención primaria.

B.3

Adecuar a planificación das axendas profesionais para favorecer a atención comunitaria

- **ACCIÓN B.3. I**
 - Dispor dos recursos necesarios para a reorganización de tarefas en función das necesidades operativas das actividades de promoción e prevención grupal e na comunidade.
- **ACCIÓN B.3. II**
 - Ofrecer mecanismos de flexibilidade nas axendas de traballo dos/das profesionais para facilitar o desenvolvemento de actividades comunitarias.

Desenvolver as ferramentas dixitais para favorecer a atención comunitaria

- **ACCIÓN B.4. I**
 - Establecer un sistema de rexistro de información para as actividades grupais e comunitarias de forma diferenciada.

- **ACCIÓN B.4. II**
 - Incluir os determinantes sociais e promover o rexistro dos factores relacionados co estilo de vida na HCE.

- **ACCIÓN B.4. III**
 - Incluir na HCE ligazóns a mapas ou ferramentas de visibilización de activos para a saúde e recursos comunitarios con acceso a todos os profesionais.

- **ACCIÓN B.4. IV**
 - Desenvolver ferramentas dixitais para a cidadanía que faciliten a recomendación e o uso de activos para a saúde.



DESENVOLVER OS TRES NIVEIS DE ORIENTACIÓN COMUNITARIA

Considerar os determinantes sociais da saúde para desenvolver os tres niveis de orientación comunitaria da atención primaria cun enfoque de equidade.

OBXECTIVOS

C.1

Usar os plans locais de saúde como marco referente en atención primaria sobre o que priorizar e desenvolver as actividades de prevención e promoción da saúde.

- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ ACCIÓN C.1. I | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Empregar o informe e o diagnóstico de saúde poboacional como base para a identificación de problemas e necesidades, así como para a priorización das liñas de traballo de acción comunitaria. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ ACCIÓN C.1. II | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaborar un mapa de activos comunitarios por cada servizo de atención primaria. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ ACCIÓN C.1. III | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Incluir en cada plan local de saúde actuacións específicas de promoción da saúde e prevención da enfermidade que reforcen os coñecementos sobre o autocoidado do individuo, a familia e a comunidade. |

C.2

Favorecer a promoción e educación para a saúde a nivel individual e familiar na práctica habitual dos equipos de atención primaria

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ ACCIÓN C.2. I | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Potenciar a abordaxe biopsicosocial individual e familiar da enfermidade, especialmente nos problemas de saúde crónicos e en situacións de vulnerabilidade. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ ACCIÓN C.2. II | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver protocolos que faciliten a entrevista motivacional, o consello breve e a prescripción social de activos comunitarios por parte dos/das profesionais de atención primaria cun enfoque biopsicosocial individual e familiar. |

Promover a participación de profesionais en actividades de educación para a saúde grupal enfocadas aos determinantes sociais e ao estilo de vida

- **ACCIÓN C.3. I**
 - Ofertar actividades educativas grupais en todos os servizos de atención primaria dirixidas á promoción da saúde e da prevención.
- **ACCIÓN C.3. II**
 - Realizar actuacións de educación para a saúde dirixidas ás persoas que ofrecen coidados informais.
- **ACCIÓN C.3. III**
 - Apoiar as intervencións comunitarias que realizan actualmente os/as profesionais de atención primaria en asociacións de pacientes ou outras institucións ou colectivos sociais.

Desenvolver instrumentos de planificación que promovan a acción comunitaria desde a atención primaria

- **ACCIÓN C.4. I**
 - Elaborar o Programa galego de saúde escolar que se realizará desde os centros de saúde en coordinación coa Rede galega de promoción da saúde (Regaps) e a consellería competente en materia de educación.
- **ACCIÓN C.4. II**
 - Elaborar o Programa galego de prevención da fragilidade.
- **ACCIÓN C.4. III**
 - Estender os plans locais de saúde a todos os servizos de atención primaria.
- **ACCIÓN C.4. IV**
 - Incluír nos acordos de xestión clínica a realización de iniciativas de acción comunitaria por parte dos/das profesionais de atención primaria.



IMPULSAR A INNOVACIÓN E O COÑECEMENTO EN SAÚDE COMUNITARIA

Reforzar a innovación organizativa e tecnolóxica, así como o coñecemento relacionado coa orientación comunitaria da atención primaria, favorecendo a investigación e difusión de resultados para a súa mellora continua.

OBXECTIVOS

D.1


Identificar e difundir os proxectos, iniciativas e actuacións de saúde comunitaria

- | | |
|--------------------------|---|
| ▪ ACCIÓN D.1. I | ▪ Identificar as actividades comunitarias e proxectos de promoción de saúde realizados en atención primaria. |
| ▪ ACCIÓN D.1. II | ▪ Divulgar os proxectos de atención comunitaria, incluíndo os seus resultados, realizados desde os centros de saúde a través das institucións locais para mellorar a coordinación intersectorial. |
| ▪ ACCIÓN D.1. III | ▪ Fomentar a participación en eventos científicos que traten sobre a orientación comunitaria da atención primaria. |
| ▪ ACCIÓN D.1. IV | ▪ Desenvolver un plan de comunicación específico (prensa, audiovisual, redes sociais, etc.) dirixido á poboación en xeral sobre a orientación comunitaria do novo modelo de atención primaria. |

D.2

Potenciar a saúde comunitaria como unha das liñas de investigación en atención primaria

- | | |
|--------------------------|--|
| ▪ ACCIÓN D.2. I | ▪ Favorecer a investigación no campo da saúde comunitaria promovendo a presentación de proxectos a convocatorias, reunións científicas e/ou premios. |
| ▪ ACCIÓN D.2. II | ▪ Mellorar a avaliación do impacto dos programas e proxectos comunitarios desenvolvidos en atención primaria. |
| ▪ ACCIÓN D.2. III | ▪ Fomentar a publicación de proxectos e experiencias relacionadas coa promoción e prevención da saúde desde o enfoque comunitario. |
| ▪ ACCIÓN D.2. IV | ▪ Organizar anualmente unha xornada científica sobre a orientación comunitaria da atención primaria. |




IMPLEMENTACIÓN

A implementación da Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria estará coordinada pola **Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria** en colaboración coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e a Dirección Xeral de Saúde Pública.

TEMPORALIZACIÓN

Co fin de lograr unha implementación plena e satisfactoria da estratexia, preséntase a execución das accións incluídas nos obxectivos propostos en tres intervalos temporais, atendendo ao seu impacto e factibilidade:

Accións para desenvolver e obxectivos que alcanzar:



A distribución de obxectivos que acadar segundo o intervalo temporal previsto para o desenvolvemento das accións móstrase na táboa 1.

TÁBOA 1. Temporalización dos obxectivos estratéxicos

LIÑAS ESTRATÉXICAS	OBXECTIVOS	TEMPORALIZACIÓN
A Reforzar a estrutura organizativa da saúde comunitaria	A1. Integrar a participación comunitaria nos órganos decisores da atención primaria e comunitaria	2024-2025 MEDIO PRAZO
	A2. Designar nas áreas sanitarias e nos servizos de atención primaria referentes para a organización e o desenvolvemento de actividades comunitarias	2023 CURTO PRAZO
	A3. Establecer sinerxías coa Rede galega de promoción da saúde para facilitar o desenvolvemento do nivel 3 de acción comunitaria	2024-2025 MEDIO PRAZO
B Facilitar ferramentas e recursos para a atención comunitaria	B1. Favorecer que os/as profesionais dispoñan de recursos para promover as intervencións de atención comunitaria	2023 CURTO PRAZO
	B2. Impulsar un plan de intensificación formativa en saúde comunitaria	2024-2025 MEDIO PRAZO
	B3. Adecuar a planificación das axendas profesionais para favorecer a atención comunitaria	2023 CURTO PRAZO
	B4. Desenvolver as ferramentas dixitais para favorecer a atención comunitaria	2024-2025 MEDIO PRAZO
C Desenvolver os tres niveis de orientación comunitaria	C1. Usar os plans locais de saúde como marco referente sobre o que priorizar e desenvolver as actividades de prevención e promoción da saúde desde atención primaria	2023 CURTO PRAZO
	C2. Favorecer a promoción e educación para a saúde a nivel individual e familiar na práctica habitual dos equipos de atención primaria	2023 CURTO PRAZO
	C3. Promover a participación de profesionais en actividades de educación para a saúde grupal enfocadas aos determinantes sociais e ao estilo de vida	2024-2025 MEDIO PRAZO
	C4. Desenvolver instrumentos de planificación que promovan a acción comunitaria desde a atención primaria	2026-2027 LONGO PRAZO
D Impulsar a innovación e o coñecemento en saúde comunitaria	D1. Identificar e difundir os proxectos, as iniciativas e actuacións de saúde comunitaria	2026-2027 LONGO PRAZO
	D2. Potenciar a saúde comunitaria como unha das liñas de investigación en atención primaria	2026-2027 LONGO PRAZO

COMPETENCIA


Para garantir a efectiva implementación da estratexia asígnase a competencia para o desenvolvemento das accións incluídas en cada obxectivo da seguinte maneira:

<p>NIVEL MACRO</p> <p>Direccións xerais a nivel Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde:</p> <ul style="list-style-type: none"> Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria _DXPRS Dirección Xeral de Saúde Pública _DXSP Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria _DXAS 	<p>NIVEL MESO</p> <p>Áreas sanitarias</p> <p>NIVEL MICRO</p> <p>Servizos de atención primaria</p>
---	---

A distribución dos obxectivos segundo o seu órgano de competencia móstrase na táboa 2.

TÁBOA 2. Distribución dos obxectivos segundo o seu órgano de competencia

LIÑAS ESTRATÉXICAS	OBXECTIVOS	ÓRGANO DE COMPETENCIA
A Reforzar a estrutura organizativa da saúde comunitaria	A1. Integrar a participación comunitaria nos órganos decisores da atención primaria e comunitaria	DXAS, DXPRS, DXSP (NIVEL MACRO)
	A2. Designar nas áreas sanitarias e nos servizos de atención primaria referentes para a organización e o desenvolvemento de actividades comunitarias	Áreas sanitarias (NIVEL MESO)
	A3. Establecer sinerxías coa Rede galega de promoción da saúde para facilitar o desenvolvemento do nivel 3 de acción comunitaria	Servizos de atención primaria (NIVEL MICRO)
B Facilitar ferramentas e recursos para a atención comunitaria	B1. Favorecer que os/as profesionais dispoñan de recursos para promover as intervencións de atención comunitaria	DXAS, DXPRS, DXSP (NIVEL MACRO)
	B2. Impulsar un plan de intensificación formativa en saúde comunitaria	DXAS, DXPRS, DXSP (NIVEL MACRO)
	B3. Adecuar a planificación das axendas profesionais para favorecer a atención comunitaria	Áreas sanitarias (NIVEL MESO)
	B4. Desenvolver as ferramentas dixitais para favorecer a atención comunitaria	DXPRS (NIVEL MACRO)
C Desenvolver os tres niveis de orientación comunitaria	C1. Usar os plans locais de saúde como marco referente sobre o que priorizar e desenvolver as actividades de prevención e promoción da saúde desde atención primaria	Servizos de atención primaria (NIVEL MICRO)
	C2. Favorecer a promoción e educación para a saúde a nivel individual e familiar na práctica habitual dos equipos de atención primaria	Servizos de atención primaria (NIVEL MICRO)
	C3. Promover a participación de profesionais en actividades de educación para a saúde grupal enfocadas aos determinantes sociais e ao estilo de vida	Áreas sanitarias (NIVEL MESO)
	C4. Desenvolver instrumentos de planificación que promovan a acción comunitaria desde a atención primaria	DXPRS, DXSP, DXAS (NIVEL MACRO)
D Impulsar a innovación e o coñecemento en saúde comunitaria	D1. Identificar e difundir os proxectos, as iniciativas e actuacións de saúde comunitaria	Áreas Sanitarias (NIVEL MESO)
	D2. Potenciar a saúde comunitaria como unha das liñas de investigación en atención primaria	DXPRS, DXSP, DXAS (NIVEL MACRO)



SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

SEGUIMIENTO DA ESTRATEXIA

Co fin de garantir a correcta e adecuada execución das accións reflectidas no presente documento, a DXPRS, en colaboración coa DXSP e a DXAS, elaborará de forma anual un informe sobre o estado de implantación da estratexia incluíndo os resultados dos indicadores de avaliación propostos. Todo isto servirá para monitorizar o avance na consecución dos obxectivos expostos e valorar posibles modificacións nas accións previstas.

AVALIACIÓN DA ESTRATEXIA

Constitúe un factor clave a avaliación da estratexia para coñecer a efectividade e factibilidade das actuacións levadas a cabo, así como identificar as dificultades e os obstáculos que xurdan, e deste xeito, implementar as melloras necesarias. Á súa vez, constitúe unha excelente ferramenta para informar os xestores e, os demais axentes sobre o avance das propostas, así como compartir o traballo realizado coa cidadanía.

Consideraranse os tres niveis estamentais (macro, meso e micro) e os seus respectivos órganos de competencia para un correcto seguimento da execución das accións previstas ao longo do proxecto, que serán avaliadas de forma continua.

Os indicadores clave para a avaliación da estratexia obteranse dos sistemas de información corporativos existentes, sen menoscabo de empregar outras fontes de información que se consideren necesarias (anexo II).

Despois de rematar o período establecido na estratexia (2023-2027), realizarase un informe de avaliación final que inclúa como mínimo a evolución temporal dos resultados de indicadores clave, os cales poden ampliarse se resultase necesario.


A avaliación inicial terá lugar no primeiro trimestre do ano 2024 sobre as accións desenvolvidas durante o ano 2023.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

As referencias bibliográficas empregadas para a elaboración da estratexia relaciónanse a continuación:

1. Ministerio de Sanidad. Cartera de Servicios Comunes del Sistema Nacional de Salud [Internet]. Madrid: Ministerio de Sanidad; 2022.[Citado o 16 de xuño do 2023]; Dispoñible en: <https://www.sanidad.gob.es/profesionales/prestacionesSanitarias/CarteraDeServicios/home.htm>
2. Sastre Paz M, Benedé Azagra C, Belén Azpeitia Serón ME, Bajo Viña R, Benedicto Subirá C, Blanquer Gregori J, B et al. Orientación comunitaria: hacer y no hacer en Atención Primaria [Internet]. Madrid: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2018. [Citado o 16 de xuño do 2023]; Dispoñible en: <https://e-documentossemfyc.es/orientacion-comunitaria-hacer-y-no-hacer-en-atencion-primaria/>
3. Sobrino Armas C, Hernán M, Cofiño R. ¿De qué hablamos cuando hablamos de «salud comunitaria»? Informe SESPAS 2018. Gac Sanit. 2018 Oct;32 Suppl 1:5-12. doi: 10.1016/j.gaceta.2018.07.005.
4. Ministerio de Sanidad. Documento Técnico del Grupo de traballo de vigilancia de equidad y determinantes sociales da salud [Internet]. Madrid: Ministerio de Sanidad; 2021. [Citado o 16 de xuño do 2023]; Dispoñible en: https://www.sanidad.gob.es/areas/promocionPrevencion/promoSaludEquidad/equidadyDesigualdad/estrategia/actividadDeDesarrollo/docs/DocTecnico_GTVigilanciaEquidadyDeterminantesSocialesSalud_2021.pdf
5. Benedé CB, Aguiló E, Adoitar Torroja M et al. Atención y orientación comunitarias: AMF.2021; 17(5): 244-9.
6. Organización Mundial de la Salud. Carta de Ottawa para la promoción de la Salud [Internet] Ginebra: OMS; 1986. Páxina 6. Dispoñible en: <https://www.paho.org/hq/dmdocuments/2013/Carta-de-ottawa-para-a-promocion-de-a-saude-1986-SP.pdf>
7. Ley 14/1986, de 25 de abril, general de sanidad. Boletín Oficial do Estado, nº 102, (29/04/1986)
8. Ley 16/2003, do 28 de mayo, de cohesión y calidad del Sistema Nacional de Salud. Boletín Oficial del Estado, nº 128, (29/05/2003)
9. Orde SCB/480/2019, do 26 de abril, por la que se modifican os anexos I, III e VI del Real Decreto 1030/2006, de 15 de setembro, por el que se establece la cartera de servicios comunes del Sistema Nacional de Salud y el procedimiento para su actualización. Boletín Oficial do Estado, nº 101, (27/04/2019)
10. Ley 33/2011, de 4 de octubre, general de Salud Pública. Boletín Oficial del Estado, nº 240, (05/10/2011)
11. Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud. Estrategia de promoción de la salud y prevención en el SNS: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad; 2013. [Citado o 16 de xuño do 2023]; Dispoñible en: <https://www.sanidad.gob.es/areas/promocionPrevencion/estrategiaSNS/docs/EstrategiaPromocionSaludyPrevencionSNS.pdf>
12. Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud. Marco Estratégico para la Atención Primaria y Comunitaria [Internet]. Madrid: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social; 2019 [Citado o 16 de xuño do 2023]; Dispoñible en: https://www.sanidad.gob.es/profesionales/proyectosActividades/docs/Marco_Estrategico_APS_25Abril_2019.pdf
13. Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud. Plan de Acción de Atención Primaria y Comunitaria 2022-2023 [Internet] Madrid: Ministerio de Sanidad; 2021. Dispoñible en: https://www.sanidad.gob.es/profesionales/excelencia/docs/Plan_de_Accion_de_Atencion_Primaria.pdf
14. Grupo de Trabajo de Salud Comunitaria. Recomendaciones para el diseño de estrategias de salud comunitaria en Atención Primaria a nivel autonómico [Internet] Madrid : Ministerio de Sanidad; 2021. [Citado o 16 de xuño do 2023]; Dispoñible en: https://www.sanidad.gob.es/areas/promocionPrevencion/entornosSaludables/saludComunitaria/documentosTecnicos/docs/recomendaciones_estrategia_salud_comunitaria.pdf
15. Documento de consenso sobre prevención de fragilidad y caídas en la persona mayor [Internet]. Madrid: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad; 2014. [Citado o 16 de xuño do 2023]; Dispoñible en: <https://servicios.mpr.es/VisorPublicaciones/visordocumentosicopo.aspx?NIPO=680141430&SUBNIPO=&IDPUBLICACION=043368014>
16. Ministerio de Sanidad. Actualización del documento de consenso sobre prevención de fragilidad y caídas en la persona mayor [Internet]. Madrid : Ministerio de Sanidad; 2022. [Citado o 16 de xuño do 2023]; Dispoñible en: [ActualizacionDoc_FragilidadyCaídas_personamayor.pdf\(enbuenaedad.es\)](ActualizacionDoc_FragilidadyCaídas_personamayor.pdf(enbuenaedad.es))
17. Ley 8/2008, de 10 de julio, de Saúde de Galicia. Boletín Oficial del Estado, nº 143, (24/07/2008)
18. Decreto 61/2019, do 23 de maio, que regula a composición e funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde. Diario Oficial de Galicia, nº 109, (11/06/2019)
19. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Plan Galego Atención Primaria 2019-2021. Santiago de Compostela: Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde; 2019. [Citado o 16 de xuño do 2023]; Dispoñible en: <https://runa.sergas.gal/xmlui/bitstream/handle/20.500.11940/12261/PlanAtencionPrimariaGAL.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
20. Abarca B, Armenteros do Olmo L, Carreiras Viñas M, Clavería A, Domínguez-Sardiña M, Doo Díaz MA, et al. Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde [Internet]. Santiago de Compostela : Servizo Galego de Saúde; 2019. [Citado o 16 de xuño do 2023]; Dispoñible en: <https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/1154/Por%20una%20atenci%C3%B3n%20primaria%20vertebradora%20del%20sistema%20de%20salud%20-%20WEB.pdf>

21. Consello Técnico de Atención Primaria. Comisión Sectorial para potenciación de actividades de promoción e prevención, así como de intervención comunitaria: conclusión. Santiago de Compostela : Consellería de Sanidade; [2021]
22. Blanco Lobeiras MS, Rey Liste T, Pérez Marcos MB. Plans locais de saúde para unha orientación comunitaria da Atención Primaria. Bases metodolóxicas para a súa elaboración [Internet]. Santiago de Compostela : Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde; 2021. [Citado o 16 de junio do 2023] Disponible en: https://runa.sergas.gal/xmlui/bitstream/handle/20.500.11940/14781/Plans_locais_2021.pdf?sequence=1&isAllowed=y
23. Dirección Xeral de Saúde Pública. Plan de acción para a prevención do sobrepeso e a obesidade en Galicia desde unha perspectiva de saúde pública 2022-2030 [Internet]. Santiago de Compostela : Consellería de Sanidade; 2022. [Citado o 16 de xuño do 2023]; Disponible en: <https://runa.sergas.gal/xmlui/handle/20.500.11940/16908>
24. Servizo Galego de Saúde. Carteiras de servizos de Atención Primaria [Internet]. Santiago de Compostela: Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde; 2022. [Citado el 16 do xuño do 2023]; Disponible en: <https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Carteiras-de-servizos-de-Atencion-Primaria?idioma=es>




ANEXOS

ANEXOS

Anexo I. GRAO DE CONSENSO DOS AXENTES CLAVE COAS LIÑAS DE TRABALLO PROPOSTAS

Na figura que se mostra a continuación recóllese o grao de conformidade coas liñas de traballo propostas dos axentes clave (grupo consultor e revisor) que participaron na elaboración da estratexia.

FIGURA 3. Grao de consenso dos axentes clave coas liñas de traballo propostas



- Contar coa experiencia, os materiais e as accións que se organizan en cada área sanitaria.



- Incluír determinantes de saúde na historia clínica do paciente.



- Incluír na historia de saúde dixital de AP enlaces a mapas ou ferramentas de visibilización de activos para a saúde e recursos comunitarios con acceso a todos os profesionais.



- Desenvolver novas ferramentas dixitais para os cidadáns (web, APP...) que faciliten a recomendación e o uso de activos para a saúde e recursos comunitarios.



- Impulsar iniciativas e desenvolver actividades que fomenten a prevención e promoción da saúde nas escolas e institutos (educación sexual, promoción de hábitos de vida saudables, alerta sobre os riscos do tabaco...).



Anexo II. INDICADORES CLAVE DE AVALIACIÓN

A relación de indicadores clave de avaliación recóllese a continuación:

TÁBOA 3. Indicadores clave de avaliación para a liña estratéxica A

A	Optimizar a estrutura organizativa da saúde comunitaria
<p>DESCRICIÓN: porcentaxe de servizos de atención primaria que conta con profesionais de referencia para o desenvolvemento da función comunitaria.</p>	<p>FÓRMULA: (nº de servizos de atención primaria con profesionais de referencia / nº total de servizos de atención primaria) * 100.</p> <p>PERIODICIDADE: anual.</p> <p>DESAGREGACIÓN: servizo de atención primaria, área sanitaria, Servizo Galego de Saúde.</p> <p>OBXECTIVO: ≥75%.</p>
<p>DESCRICIÓN: porcentaxe de servizos de atención primaria que colaboran coa Rede galega de promoción da saúde.</p>	<p>FÓRMULA: (nº de servizos de atención primaria que colaboran coa rede galega de promoción da saúde / nº total de servizos de atención primaria) * 100.</p> <p>PERIODICIDADE: anual.</p> <p>DESAGREGACIÓN: área sanitaria e Servizo Galego de Saúde.</p> <p>OBXECTIVO: ≥20% no ano 2024 e acadar o 50% no ano 2027.</p>

TÁBOA 4. Indicadores clave de avaliación para a liña estratéxica B

B	Facilitar ferramentas e recursos para a atención comunitaria
<p>DESCRICIÓN: achega por parte de cada área sanitaria dun mínimo dunha actividade comunitaria validada e incorporada ao banco de contidos dixitais.</p>	<p>FÓRMULA: nº de actividades validadas e incorporadas ao banco de contidos dixitais.</p> <p>PERIODICIDADE: anual.</p> <p>DESAGREGACIÓN: área sanitaria.</p> <p>OBXECTIVO: ≥1.</p>
<p>DESCRICIÓN: número de actividades formativas relacionadas coa saúde comunitaria organizadas e impartidas pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS).</p>	<p>FÓRMULA: nº de actividades formativas relacionadas coa saúde comunitaria organizadas e impartidas por ACIS.</p> <p>PERIODICIDADE: anual.</p> <p>DESAGREGACIÓN: ACIS.</p> <p>OBXECTIVO: ≥5.</p>

TÁBOA 5. Indicadores clave de avaliación para a liña estratéxica C

C

Reforzar a atención comunitaria na atención primaria

DESCRICIÓN: porcentaxe de implantación dos plans locais de saúde nos servizos de atención primaria.

FÓRMULA: (nº de servizos de atención primaria que contan con plan local de saúde / nº total de servizos de atención primaria) * 100.

PERIODICIDADE: anual.

DESAGREGACIÓN: Servizo Galego de Saúde.

OBXECTIVO: ≥60% en 2025 e ≥95% en 2027.

DESCRICIÓN: porcentaxe de servizos de atención primaria con Plan local de saúde que realizan actuacións específicas de promoción da saúde e prevención da enfermidade a nivel comunitario.

FÓRMULA: (servizos de atención primaria con Plan local de saúde que realizan actividades comunitarias/total de servizos con plan local de saúde) * 100.

PERIODICIDADE: anual.

DESAGREGACIÓN: área sanitaria, Servizo Galego de Saúde.

OBXECTIVO: 100%.

DESCRICIÓN: número de actividades grupais realizadas en atención primaria e dirixidas á promoción da saúde e á prevención.

FÓRMULA: nº de actividades comunitarias grupais realizadas en atención primaria e dirixidas á promoción da saúde e á prevención.

PERIODICIDADE: anual.

DESAGREGACIÓN: área sanitaria, Servizo Galego de Saúde.

OBXECTIVO: tendencia crecente.

DESCRICIÓN: valoración da realización de accións comunitarias desde a atención primaria nos obxectivos dos acordos de xestión clínica.

FÓRMULA: ponderación dos obxectivos relacionados coa orientación comunitaria da atención primaria incluídos nos acordos de xestión de cada área sanitaria.

PERIODICIDADE: anual.

DESAGREGACIÓN: Servizo Galego de Saúde.

OBXECTIVO: ≥2%.

D Impulsar a innovación e o coñecemento	
<p>DESCRIPCIÓN: número de proxectos/traballos de investigación no campo da saúde comunitaria presentados a convocatorias, reunións científicas e/ou premios.</p>	<p>FÓRMULA: nº de proxectos/traballos de investigación no campo da saúde comunitaria presentados a convocatorias, reunións científicas e/ou premios.</p> <p>PERIODICIDADE: 2023 - 2027.</p> <p>DESAGREGACIÓN: área sanitaria, Servizo Galego de Saúde.</p> <p>OBXECTIVO: incremento do indicador entre o 2023 e o 2027.</p>
<p>DESCRIPCIÓN: número de artigos científicos sobre accións de promoción da saúde desenvolvidas a nivel comunitario polos/as profesionais de atención primaria.</p>	<p>FÓRMULA: nº de artigos científicos publicados sobre accións de promoción da saúde desenvolvidas a nivel comunitario polos/as profesionais de atención primaria.</p> <p>PERIODICIDADE: 2023 - 2027.</p> <p>DESAGREGACIÓN: Servizo Galego de Saúde.</p> <p>OBXECTIVO: incremento do indicador entre o 2023 e o 2027.</p>
<p>DESCRIPCIÓN: número de xornadas científicas sobre saúde comunitaria realizadas.</p>	<p>FÓRMULA: nº de xornadas científicas sobre saúde comunitaria realizadas.</p> <p>PERIODICIDADE: anual.</p> <p>DESAGREGACIÓN: Servizo Galego de Saúde.</p> <p>OBXECTIVO: ≥1.</p>



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE